

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO GRAO EN BIOQUÍMICA, GRAO EN BIOLOXÍA, GRAO EN BIOTECNOLOXÍA E MÁSTER EN BIOCENCIAS MOLECULARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura e cunha duración de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a realización de prácticas académicas externas non remuneradas do alumnado nas instalacións do Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, e promover no posible a participación de persoas expertas que tutelen a parte da docencia teórico-práctica especializada que se desenvolva durante a estancia no citado centro de investigación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar, correspóndenlle as funcións, entre outras, da investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Consellería do Mar ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado das Facultades de Bioloxía e de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, dado que ambas as dúas entidades consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral do

**CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO**

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente, as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía.

O alumnado atoparase nun entorno de traballo exclusivamente investigador, este feito favorecerá a súa formación posto que coñecerá de primeira man como é o día a día na investigación mariña en Galicia. Compartirá horas de laboratorio nas que coñecerá e porá en práctica técnicas de histoloxía, técnicas moleculares, técnicas de reprodución e cultivo de moluscos bivalvos vivos, complementadas cos traballos de campo con saída á toma de mostras, para completar este tipo de actividade aprenderá a planificar unha mostraxe, desde a delimitación das zonas, as ferramentas necesarias para a obtención das mostras, así como o seu manexo e conservación ata as instalacións do CIMA. A formación que recibirá no CIMA é de carácter eminentemente práctica, aínda así disporá do acceso a unha das bibliotecas en materia de bioloxía do recursos mariños vivos máis ampla de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña
(*asinado dixitalmente*)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

